

## **Obxectivo**

Sensibilizar ao alumnado acerca da situación laboral das mulleres . A temática dos traballos terá que reflectir a (des)igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no traballo.

## **Participación**

1. Poderán participar no concurso o alumnado do último ciclo de Primaria da ESO de Bueu :A modalidade literaria poderá ser microrrelato, poesía ou a realización dun traballo biográfico sobre unha muller feminista e a súa vida,obra e momento histórico social e cultural no que viviu.
2. A forma de participación será de traballo individual ou en grupo. Neste derradeiro suposto, o número de participantes non excederá de catro.
3. Os traballos presentaranse en soporte papel A4.Terán unha extensión máxima dunha carilla , letra Times New Roman, tamaño 12 e interliñado 1,5.
4. Na parte superior levará o título no que se inspira o traballo presentado .
5. Os autores non poderán presentar obras que estén en Internet ou foran premiadas noutros concursos e publicadas en calquera medio gráfico ou dixital, quedando eximido o CIM, de calquera conflito derivado da publicación ou utilización indebida dos traballos presentados.

## **Presentación**

6. As obras entregaranse no Centro de Información ás Mulleres, de Luns a Venres en horario de 8:00 a 14:30 horas:

*CIM-Bueu, Rúa de Eduardo Vincenti, 28 B, baixo.*

7. Os traballos presentaránse en sobre pechado. A modalidade individual será o **sobre B** e a modalidade en grupo, **sobre C**. No reverso deberán figurar os datos do alumn@ (nome, apelidos, curso, centro) e o título da obra ou obras presentadas.
8. O prazo de presentación de orixinais abriase o 1 de febreiro e rematará o 28 de febreiro .

## **Premios**

**1º Premio de Primaria:** *Robot educativo*

**1º Premio:1º-4º ESO:** *Robot educativo*

**1º Premio grupos:** *Robot educativo*

**A/s obra/s gañadora/s deste certame poderán ser publicadas na páxina web do Concello, que se reserva o dereito de realizar e publicar un recompilatorio con todas as obras premiadas.**

## **Xurado**

O xurado estará formado por tres persoas cualificadas para exercer esta función: a directora e mais a psicóloga do CIM e un/ha profesional entendido/a no tema.

O xurado poderá declarar desertos ou compartidos algún ou todos os premios, así como poderá outorgar mencións especiais se o considera oportuno. Tamén estará facultado para interpretar as bases libremente.

O ditame do xurado será inapelable , farase público antes do día 8 de marzo e será comunicado aos centros educativos unha vez producido este.

Os premios entregaranse nun acto público o 8 de marzo de 2018.

## **Condições**

Os traballos premiados quedarán en propiedade do CIM que se reserva todos os dereitos para a utilización, reprodución e difusión dos mesmos. Os non premiados, serán devoltos ós seus [autor@s](#) .

## **Observacións**

A participación neste Concurso supón a total aceptación das súas bases e da decisión do xurado.

# I CONCURSO LITERARIO XUVENIL

## “A IGUALDADE NO TRABALLO”

Co gallo da Conmemoración, do día 8 de marzo de 2018, *Día Internacional da Muller*, o Centro de Información ás Mulleres do concello de Bueu, convoca entre o alumnado do derradeiro ciclo de Educación Primaria e da ESO, un concurso literario coa temática “A igualdade no Traballo”.

Información:

Centro de información ás Mulleres

Rúa de Eduardo Vincenti núm 28 B, baixo.

Teléfono: 986324395.

Concello de Bueu  
Concellaría de Igualdade.



Centro de Información ás Mulleres  
De Bueu.



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

“O FSE inviste no teu futuro”

**Colaboran :**

**Centros Educativos de**

**Bueu**

**Organiza**



# *I CONCURSO LITERARIO XUVENIL*

## *“A IGUALDADE NO TRABALLO”.*



**Organizado pola Concellaría de  
Fomento da Igualdade**